

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005  2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Seres míticos

A meiga de Brántega

Conta a miña avoa que en Brántega, concello de Agolada (Pontevedra), uns mozos foron a unha festa que había preto da aldea e ó voltar para a casa, ben pasadas as dez da noite, aparecéuselles unha meiga que tirou a un deles por un barranco. Os outros mozos, que quixeron reaccionar, víronse tamén sorprendidos polos poderes da muller, que os botou a outro covó.

Ao parecer, un deles logrou saír do burato e foi en busca dos seus irmáns. Formado un grupo para rescatalos, encontráronos axiña, pero un dos rapaces tiña a roupa toda esganifada e o outro estaba rabuñado en brazos e cara.

Xa na casa, de madrugada e repostos do susto, as súas irmás pregutáronlles que lles pasara e eles relataron polo miúdo todo o sucedido.

Loxicamente, ninguén os creu. Mais uns días despois, uns veciños tiveron outro encontro coa misteriosa meiga e o desenlace foi exactamente o mesmo.

E é que en Brántega, habela, haina; falamos da meiga, xa ora.

[Texto elaborado por Alba Fernández Otero, de Brántega, Agolada (Pontevedra)]

[Ilustración de Noemí López]

